XUNTA DE GALICIA

fundación GALICIA EUROPA

galicia

Formación mobilidade emprendemento

Dimensión europea da Formación Profesional: formación, mobilidade e emprendemento

fundación GALICIA EUROPA

Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP Politécnico de Santiago)

Rúa Rosalía de Castro 133. Santiago de Compostela

Mércores, 14 de maio de 2014

(Programa provisional *25*/4/2014*)*

A Fundación Galicia Europa e a Xunta de Galicia, co apoio da Representación da Comisión Europea en España, organizan esta xornada informativa dirixida esencialmente a profesores e orientadores de Formación Profesional de Galicia. Coa mesma preténdese explicar o marco europeo no que se imparte a Formación Profesional, as oportunidades de mobilidade existentes dentro da UE e as iniciativas de apoio ao emprendemento coas que contan os mozos titulados de FP. Esta xornada complementarase con catro charlas-coloquio organizadas nun CIFP de cada provincia galega que se destinarán ao alumnado de FP en outono de 2014.

BORRADOR

DE ASÍS A COMPOSTELA · 1214 · 2014 · 800 aniversario

Formación movilidad emprendimiento

09:00h Apertura e recepción dos participantes

09:15h Inauguración da xornada por parte das autoridades invitadas

PRIMEIRO BLOQUE: FORMACIÓN E EMPREGO DENTRO DA ESTRATEXIA EUROPA 2020

A estratexia de crecemento da UE adoptada en 2010 establece obxectivos concretos para o ano 2020 en canto ao aumento da taxa de emprego, a redución do abandono escolar temperán e o número de persoas con educación superior, entre as que se inclúen os técnicos superiores de Formación Profesional. A educación e o emprego son, pois, dous dos piares básicos para o crecemento intelixente, sostible e integrador que promove a estratexia Europa 2020. Nesta mesa explicaranse as diferentes medidas postas en marcha para contribuír a estes obxectivos, así como as tendencias actuais do mercado laboral que se han de observar para definir a oferta formativa. En 2012 a UE adoptou un paquete de medidas para loitar contra o desemprego xuvenil co que se pretende complementar as políticas nacionais e rexionais de promoción do emprego no sector máis novo do mercado laboral

09:30h-10:45h Mesa redonda. Formación e Emprego

Introdución e moderación a cargo de Jochen Müller. Representación da Comisión Europea en España

- *Formación para o emprego na UE.* Gregorio de Castro. Coordinador político da Estratexia Europea de Emprego. DG Emprego e Asuntos Sociais e Inclusión. Comisión Europea
- *Medidas para o fomento do emprego: Plan galego de emprego xuvenil 2014-2015*
  - Manuel Corredoira López. Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
  - Odilo Martiña Rodríguez. Director Xeral de Traballo e Economía Social. Consellería de Traballo e Benestar

Debate cos asistentes

10:45h-11:15h Obradoiro de emprego

- *Técnicas de selección de persoal, presentación de CV, entrevista de traballo.* Ana Castro. Departamento de Recursos Humanos. Leroy Merlin. Santiago de Compostela

11:15h-11:45h Pausa café

BORRADOR

SEGUNDO BLOQUE: EMPRENDEMENTO

O emprendemento é un importante motor de crecemento económico e de creación de emprego. Nos últimos anos son moitas as iniciativas que se levaron a cabo para conseguir que a posibilidade de montar unha empresa sexa considerada como unha opción factible e atractiva para cada vez un maior número de persoas. Estas iniciativas culminaron en senllos marcos normativos a nivel nacional e autonómico, que están avalados polo Plan de Acción de Emprendemento 2020 adoptado a nivel europeo.

Introdución e moderación a cargo de Santiago Álvarez González. Subdirector xeral de Relacións coa UE

11:45h-13:00h Mesa redonda sobre promoción do emprendemento

- *Plan de Acción de Emprendemento 2020 da UE.* Cristina Ozón Pereira. Unidade de política estratéxica. DG Empresa e Industria. Comisión Europea
- *Emprender en Galicia.* Norberto Penedo Rey. Director da Área de Competitividade. *IGAPE*
- *Programa EduEmprende.* María Eugenia Pérez Fernández. Subdirectora xeral de Formación Profesional. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- *Programa Erasmus para mozos emprendedores*. Rosa Sánchez Santos. Coordinadora do programa. UNINOVA-Universidade de Santiago de Compostela

Debate cos asistentes

13:00h-14:15h Iniciativas de apoio á creación de empresas en Galicia

- *A creación de empresas desde as Cámaras de Comercio, unha proposta para a empregabilidade.* Fernando Barros Fornos. Secretario xeral da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela
- *Consorcio da Zona Franca de Vigo.* Rosa Eguizabal Gándara. Directora de Promoción Económica da Zona Franca de Vigo
- *Punto único de contacto para a creación dunha empresa. Xanela Única da Directiva de Servizos.* Manuel Blanco González. Subdirector Xeral de Análise e Programación. Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
- *Promoción do emprendemento desde a rede de viveiros de empresa en centros educativos.* Marisol Amoeiro, titora do viveiro do CIFP A Farixa e Andrea Rodríguez Lorenzo, emprendedora

Debate cos asistentes

14:15h – 16:00h *Almorzo*

BORRADOR

TERCEIRO BLOQUE: MOBILIDADE NA UNION EUROPEA

Introdución e moderación a cargo de Vanessa Lobo. Fundación Galicia Europa

16:00h-17:00h Programa Erasmus +

Erasmus + é o novo programa da Unión Europea en materia de educación, formación, xuventude e deporte para o período 2014-2020. No que respecta á Formación Profesional, substitúe ao antigo programa Leonardo da Vinci. Exporanse os procedementos a seguir polos centros educativos para participar nos diferentes programas, así como os obxectivos e as condicións de acceso.

- *Accións Erasmus + no eido da FP*. Mª Teresa Moya Fernández. Asesora de emprendemento e programas europeos FP. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- *Organización da mobilidade Erasmus +*
    - Blanca Fraga Lago. Unidade de Programas Europeos. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
    - Luz Ares Fandiño. Unidade de Programas Europeos. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Debate cos asistentes

17:00h-18:00h Outras oportunidades de mobilidade dentro da UE: fontes de información

Presentación da rede EURES e do CV Europass. EURES é unha rede de cooperación entre a Comisión Europea e os servizos públicos de emprego europeos co propósito de proporcionar servizos de información, asesoramento e contratación a traballadores e empresarios, así como a calquera cidadán que desexe beneficiarse da libre circulación de traballadores na UE.

- Covadonga López López, Consejera EURES
- Teresa González Ventín, Coordinadora EURES Transfronteirizo Norte Portugal-Galicia

Debate cos asistentes

18:00h-19:00h Intercambio de experiencias en programas de mobilidade

- Inmaculada María Fernández Teijeiro. Coordinadora de programas internacionais do CIFP Someso (A Coruña)
- José Luís Souto Otero. Coordinador de programas internacionais do IES de Fene
- Adolfo Enríquez. Fotógrafo. Empresa de acollida no marco do programa Leonardo da Vinci
- Jacobo Pintos Rodiño. Alumno do CIFP Carlos Oroza (Pontevedra) Alumno Programa Erasmus

Debate cos asistentes

19:00h Clausura da xornada

BORRADOR